

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10947 *Real decreto lei 12/2013, do 18 de outubro, polo que se conceden suplementos de crédito por importe de 70.000.000 de euros no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade para atender necesidades de financiamento da axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas.*

O presente real decreto lei ten como finalidade proceder á concesión de suplementos de créditos no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade coa finalidade de atender necesidades de financiamento na axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas polo importe global de 70.000.000 euros.

A axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas encóntrase nunha difícil situación desde o punto de vista do seu financiamento. Na actualidade presenta insuficiencias de crédito que lle impiden adquirir os compromisos de gasto indispensables para manter operativa a súa actividade e o seu remanente de tesouraría non lle permite afrontar a cadencia dos pagamentos debidos durante o ano 2013.

Para compensar a falta de liquidez do organismo, o número 2 do artigo 6 do Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes de natureza tributaria, orzamentaria e de fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación, concedeu un suplemento de crédito polo importe de 25.000.000 euros á citada axencia estatal para atender as súas necesidades de financiamento.

Na actualidade, vólvese pór de manifesto a necesidade estrutural de financiamento do Consello Superior de Investigacións Científicas derivada da perda de financiamento acumulada nos últimos catro anos. A insuficiencia de crédito da axencia estatal para poder manterse operativa respectando os compromisos adquiridos e cumprir coas obrigacións derivadas dos proxectos e contratos de investigación concedidos implica a necesidade de que lle sexa transferida unha achega de novos recursos.

Así, ademais das obrigacións adquiridas de pagamento de nóminas ao persoal contratado, existen outros gastos asociados a proxectos e contratos que deben executarse obrigatoriamente durante 2013, por ser esta a última anualidade do proxecto, pola propia programación científica ou por exixilo expresamente así a convocatoria ou resolución de concesión, cuxo incumprimento orixinaría a apertura de procedemento de reintegro polas cantidades subvencionadas e non gastadas dentro do prazo de execución do proxecto, máis os correspondentes xuros.

Estas razóns determinan a urxencia da axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas en recibir o suplemento de crédito tanto para poder cumprir cos compromisos adquiridos como para atender os pagamentos derivados da execución do seu orzamento.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de outubro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Concesión de suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade para atender necesidades de financiamento da axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas.*

1. Concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 11 «Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación», programa 000X «Transferencias internas», concepto

430 «Ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)» polo importe de 20.000.000 euros.

2. Concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividad», servizo 11 «Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación», programa 000X «Transferencias internas», concepto 730 «Ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)», polo importe de 50.000.000 euros.

Estes suplementos de crédito terán o seguinte reflexo no orzamento da axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas:

Orzamento de ingresos:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe – Euros
27.401.400.00	Do departamento ministerial a que está adscrito	+20.000.000,00
27.401.700.00	Do departamento ministerial a que está adscrito	+50.000.000,00
27.401.870	Remanente de tesouraría.	-70.000.000,00

Artigo 2. *Financiamento dos suplementos de crédito.*

Os suplementos de crédito que se conceden no presente real decreto lei financiaranse con débeda pública.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de outubro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN